FIRMADO POR Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 20/10/2026 15:13:00) , Ana Ramos Ramos (FECHA: 20/10/2026 15:44:00)
Decreto Nº: 689/2026 - Fecha de decreto: 20/10/2026
Versión imprimible
CVD: Z1fGM4JNuXTEJQd/eLM6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Descrición decreto: EXPEDIENTE DE Decreto aprobación Normativa XXVII Premio Investigación. 2026

EXPEDIENTE Nº 2026/G003/000788

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Logo de ver a Normativa que rexerá o XXVII Premio de Investigación Concello de Pontedeume.

Tendo en conta o informe de fiscalización de Ref.: 330/2026, de 16/10/2026 no que certifica a existencia de crédito adecuado e suficiente no Orzamento de 2026, para a aprobación do presente gasto, a imputar na aplicación orzamentaria 3321.48005, por importe total de 1.200,00 € (documento contable de retención de crédito número 220260007509).

Considerando a atribución concedida a esta Alcaldía segundo o establecido no artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a Normativa Reguladora que rexerá o "XXVII Premio de Investigación Concello de Pontedeume", que se transcriben a continuación:

"NORMATIVA DO XXVII PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME"

1.- O tema da investigación versará sobre aspectos de Pontedeume e a súa Comarca dende a perspectiva da descrición propia da Etnografía ou das interpretacións propias da Antropoloxía Social e Cultural e da Etnohistoria.

2.- Establécese un único premio dotado coa cantidade de 1.200 € *.

3.- A lingua empregada nos traballos será a galega.

4.- Poderán optar a este premio cantas persoas o desexen, de forma individual ou colectiva. Os traballos serán inéditos e que non teñan optido ningún premio anteriormente. Entregaranse orixinais e catro copias en tamaño folio, mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara.
A extensión dos traballos será dun mínimo de 50 folios e un máximo de 100, incluídos os documentos gráficos, fotográficos e outros elementos que os ilustren.

5.- As obras poderán presentarse directamente ou ben ser remitidas por correo certificado ao Rexistro Xeral da Secretaría da Casa do Concello de Pontedeume, (Rúa Real, 13 - 15600 Pontedeume - A Coruña) en sobre pechado co título da investigación e o lema do autor, acompañado doutro sobre pequeno no que conste o auténtico nome e apelidos do autor así como o seu teléfono e o enderezo e fotocopia do D.N.I.

6.- O prazo de presentación remata o 1 de decembro de 2026.

7.- A decisión do xurado será inapelable. O nome das persoas que o compoñen así como a súa decisión comunicarase aos participantes e público en xeral o día da entrega do premio, e difundirase a través dos medios de comunicación.

8.- A resolución final do xurado darase a coñecer o día 28 de decembro de 2026.

9.- O premio poderá quedar deserto de non existiren traballos de calidade a xuízo do xurado.

10.- Os organizadores do premio resérvanse o dereito de cancelar o premio ou resolver os imprevistos sen estar na obriga de comunicárllelo previamente aos participantes.

11.- O traballo premiado, así como aqueles que o xurado considere de interese serán publicados na revista de investigación local Cátedra. Revista eumesa de estudios.

12.- A participación neste premio de investigación implica a aceptación das presentes bases.

* Este premio está suxeito á retención vixente do I.R.P.F (R.I.R.P.F. art. 70)

SEGUNDO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación 3321.48005 do orzamento municipal da anualidade de 2026.

TERCEIRO.- Dar traslado ao departamento de Intervención, debido aos efectos económicos implícitos ao acto administrativo así como ao servizo responsable do expediente aos efectos oportunos.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde do Concello de Pontedeume, do que eu, Dª. Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

FIRMADO POR Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 20/10/2026 15:13:00) , Ana Ramos Ramos (FECHA: 20/10/2026 15:44:00)
Decreto Nº: 689/2026 - Fecha de decreto: 20/10/2026
Versión imprimible
CVD: Z1fGM4JNuXTEJQd/eLM6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/